

A cor das palabras é o libro de entrevistas filmadas con Marguerite Duras sobre o seu cinema que publicou de maneira póstuma Dominique Noguez en 1984. O Concello de Compostela, na actividade «A cor das palabras. Encontros con cineastas», recolle o espírito destas conversas coa escritora e cineasta para traer ao Cinema NUMAX, de maneira periódica, cineastas de referencia que manterán un encontro co público nunha oportunidade única para achegarnos á súa maneira de pensar e traballar.

A COR
DAS
PALABRAS
2018

ENCONTROS
CON
CINEASTAS



ANDRÉS GOTEIRA

«Despois de *Dhogs*, reflexións
para un segundo filme»

19 de maio ás 11:30


Cinema NUMAX
Concepción Arenal, 9

Entrada gratuíta até completar aforo

www.compostelacapitalcultural.org
CompostelaCapitalCultural
@CCultura

Andrés Goteira (Meira, 1983) estuda Enxeñaría Técnica de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo e Técnico de Son na Coruña. Logo dalgúns traballos amateurs inéditos funda a produtora Gaita Filmes coa que desenvolve a súa primeira longametraxe, *Dhogs*. Tras a súa estrea na sección Vanguarda e Xénero do BAFICI viaxa a Sitges, onde se converte no primeiro filme rodado en lingua galega proxectado no certame ademais de recibir

o premio ao mellor director emerxente. Na última edición dos Premios Mestre Mateo acada 13 dos 17 galardóns aos que aspiraba converténdose no filme máis premiado da historia do certame. Na actualidade traballa no desenvolvemento do seu segundo filme, *Starmucks* (título provisorio), thriller que dá continuidade ao seu primeiro filme, e *Welcome to ma maison*, un biopic/documental/traxicomedia dun mozo actor en crise e pescuda.


CONCELLO DE
SANTIAGO



«Aínda que a mensaxe sexa escura e crítica fixen este filme para divertirme»

Entrevista con Andrés Goteira

Por Igor Fernández

O primeiro diálogo do filme pareceume *tarantianano á galega* e vense tamén moitas referencias a filmes como *Holy Motors* (Leos Carax, 2013) ou David Lynch. Debe de estar moi claro porque non es o primeiro que mo di e está claro que a min me flipa Lynch. Visual, sensorial e atmosfericamente é brutal. Leos Carax por suposto que está aí, *Holy Motors* cambiou a estruturación das películas na miña mente e xa non me divirten os filmes lineais tanto coma antes. Fixen este filme para divertirme. Aínda que a mensaxe sexa escura, crítica ou profunda, todo isto empezou a partir da diversión. Tamén hai escritores que me fascinan como Murakami, é increíble como escribe, é moi atmosférico. E dentro destes referentes tamén pode estar Jim Jarmusch con *Noche en la tierra* (1991). Realmente non son moi seguidor de ningún cineasta en concreto, non me sei todas as películas de David Lynch nin de Leos Carax, pero gústame a súa esencia e tento collela e metela dentro da miña para sacar o meu propio discurso.

Poderíase dicir que tentas coller as sensacións destes directores e empregalos a favor do teu filme? Totalmente. Tamén da literatura. Murakami ou Bukowski son perversos.

Agora que citas a Bukowski, nesa conversa entre Melania Cruz e Carlos Branco séntese moito a Bukowski, é sucia e directa. E moi Murakami. Murakami ten algo moi parecido a esa conversa en *1Q84*. Hai moitas referencias. E iso que dicías do primeiro diálogo, que che resoou Tarantino, a min gústame que os actores creen tamén e que non sexa eu o único que teña que poñer a creatividade. Esa parte do principio é do propio actor, escribiuna el. Así que o Tarantino será el. (risas)

En *Dhogs* conviven moitas esencia
cinematográficas, cada escena dalgún modo
podería ser independente e podería valerse por si mesma. Amamos o cinema e unha porcentaxe grande do noso interior é cinema. O mesmo



Unha intimidante reflexión sobre o espectáculo da violencia

Cristina Huete

Andrés Goteira (Meira, Lugo, 1983) entende o cinema de forma pouco amábel, pouco convencional. Intimidante. O director lucense (enxeñeiro técnico de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo e técnico de Imaxe e Son pola da Coruña) vendía electrodomésticos ata hai pouco para gañarse a vida mentres puña en marcha un proxecto infrecuente no cinema español, *Dhogs*, que se converteu no filme máis premiado da historia dos Mestre Mateo, os galardóns que concede a Academia Galega do Audiovisual. Case fixo pleno: obtivo 13 das 15 estatuíñas dedicadas ao cinema.

A película chegaba precedida do éxito en festivais como os de Sitges (onde obtivo un dos recoñecementos aos mozos directores), Londres ou Bos Aires e dos galardóns á mellor película nos festivais Nocturna de Madrid e Split de Croacia.

A ópera prima de Goteira, rodada integramente en galego e protagonizada por actores tamén galegos, é unha impactante e magnética longametraxe cargada de simbolismo, empezando polo xogo de palabras do título: dogs (cans) e hogs (porcos) en inglés, que mostra en carne viva a parte máis perversa do

ser humano: a violencia (basicamente masculina) e a parte máis pasiva: a submisión e o egoísmo xeralizado dunha sociedade que asiste impertérrita ao espectáculo do envilecemento.

Arranca cun encontro casual entre un home de negocios e unha muller que toma unha copa no bar dun hotel e acaba converténdose nunha espiral de violencia; unha historia de suspense que rompe coa barreira narrativa tradicional. «Non ten nada que ver co thriller clásico. Utiicei unha narrativa experimental e xogo ao suspense, claro, pero co espectador, ao que vou dando as pistas xustas», explica o director sobre o seu particular modo de entender o cinema que busca remover a conciencia e facer reflexionar. «Quixen facer o que me gusta a min, un thriller presentado como un puzzle, unha peli de capas, onde o espectador é tamén protagonista», sostén.

Sen estudos de cinema, aínda que recoñecendo a súa sensibilidade polo que fai reaccionar á mente («as imaxes, os sons e as atmosferas»), Goteira embarcouse durante catro anos na rodaxe de *Dhogs*. A idea naceu dun grupo de catro amigos de Meira. Canda el, un arqueólogo, unha publicista e un

enxeñeiro industrial. «Propuxémonos facela sen que ninguén nos botase atrás cun orzamento entre 15.000 e 20.000 euros, aínda que a nosa valentía resultou absurda e acabamos recorrendo ao micromecenado, a través das redes sociais. Así conseguimos outros 20.000 máis», explica o director novel. «Despois enteráronse en Lugo, e o Concello de Meira e a Diputación provincial colaboraron e ao final sumouse tamén a Axencia Galega das Industrias Culturais, así que puidemos facer algo de máis calidade». Conseguiron 130.000 euros dos 200.000 que investiron e «só cobrou o equipo, non a parte executiva».

«Hai poucas axudas e menos para un cinema como este, máis duro, no que creo que a industria non confía, convencida de que os espectadores queren ver a mesma comedia amable de sempre; eu realmente busco que se meta na pel», argumenta o director, que recoñece influencias dos irmáns Coen, Tarantino, David Lynch ou Gaspar Noé. Ese mesma formulación, cre, é o que fixo que se interesaran polo seu thriller empresas de Holanda, Alemaña e Inglaterra que van comezar a distribuíla neses países. Ningunha española. En Galicia poderá verse a partir de maio onde a distribuirá Gaitafilmes, a pequena productora creada polos catro amigos de Meira, mentres Goteira intenta poñer en marcha outros dous proxectos para os que de novo está «sen pasta».

Publicado en elpais.com
Traducións: Xan Gómez Víañas

Os libros de Andrés Goteira

Tras o solpor,
Haruki Murakami, Galaxia, 2008

Catedral,
Raymond Carver.

Anagrama, 2014

Factotum,
Charles Bukowski.

Anagrama, 2015

Mecanoscrito de segunda orixe,
Manuel de Pedrolo. Galaxia, 2005

El cine según Hitchcock,
François Truffaut. Alianza, 2015

Máis cinco filmes...

Under the Skin,
Jonathan Glazer, 2013

Holy Motors,
Leox Carax, 2012

Enter the Void,
Gaspar Noé, 2009

Eyes Wide Shut,
Stanley Kubrick, 1999

El silencio de un hombre,
Jean-Pierre Melville, 1967